

selleira de Cultura e Deporte, ou persoa en quen delegue, e estará integrado polos seguintes membros: o presidente do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, dous membros nomeados polo comité, a institución, asociación cultural, padroado ou fundación que gañase na anterior convocatoria e os presidentes das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago cos números 35, 36, 37 e 38.

De acordo co citado artigo 4, as decisións do xurado serán inapelables e daranse a coñecer mediante publicación no DOG e por comunicación directa ao galardoado.

Por todo isto,

#### RESOLVO:

Artigo único.-Ordeno publicar a decisión do xurado do Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago.

O citado xurado, reunido en Santiago de Compostela o día 19 de novembro de 2005, acordou conceder o Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago ao proxecto presentado pola *Asociación de Amigos do Camiño de Santiago Santo Grial do Cebreiro*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2005.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 5 de decembro de 2005 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais, durante a folga convocada pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF), na Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, durante os días 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28 e 29 de decembro de 2005, 10, 11, 12, 17, 18, 19, 24, 25, 26 e 31 de xaneiro de 2006 e 1, 2, 7, 8 e 9 de febreiro de 2006.*

O artigo 28.2º da Constitución española reconece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* nº 116, do 20 de xuño), entre os que se atopa a sanidade.

O exercicio público da prestación da asistencia sanitaria non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e diante de cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF), que afectará a todo persoal da *Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira*, durante os días 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28 e 29 de decembro de 2005, 10, 11, 12, 17, 18, 19, 24, 25, 26 e 31 de xaneiro de 2006 e 1, 2, 7, 8 e 9 de febreiro de 2006, oído ó comité de folga, esta consellería

#### DISPÓN:

##### Artigo 1º

A folga convocada para os días 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28 e 29 de decembro de 2005, 10, 11, 12, 17, 18, 19, 24, 25, 26 e 31 de xaneiro de 2006 e 1, 2, 7, 8 e 9 de febreiro de 2006, que afectará a todo o persoal da *Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira*, enténdese condicionada ao mantemento dos servizos mínimos segundo os criterios que se dispoñen nesta orde.

Os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a adecuada cobertura dos servizos esenciais de asistencia sanitaria nos centros sanitarios, para evitar que se produzan graves prexuízos aos usuarios.

Tales mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga, coa atención aos usuarios que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos polas características do servizo dispensado.

E por iso, mantéñense os servizos mínimos necesarios para garantir a asistencia imprescindible a doentes hospitalizados, así como a atención urxente e permanente aos usuarios, que non se poden adiar sen consecuencias negativas para a saúde.

Entrando na análise pormenorizada dos servizos mínimos, pódense establecer os seguintes criterios reitores de determinación do persoal necesario para o mantemento dos servizos esenciais:

##### A. Persoal facultativo:

1. Cobertura do 100% da actividade urxente nun triple ámbito:

-Servizos de urxencias e gardas médicas.

-Quirófanos urxentes (xerais e de tocoloxía) para a atención dos usuarios que requiran intervención cirúrxica inadiable no seu ingreso.

-Atención aos paritorios.

2. Cobertura da actividade cirúrxica dos doentes hospitalizados, respecto ás patoloxías que poñan en perigo a súa vida ou agraven o seu estado de saúde.

3. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir as visitas médicas, a atención indefectible dos doentes hospitalizados e as altas clínicas.

4. No ámbito de consulta atenderanse as consideradas como urxentes ou preferentes, así como as interconsultas dos doentes hospitalizados que o requiran, a criterio do facultativo. Así mesmo, atenderanse as consultas dos doentes desprazados.

5. Garantirase, así mesmo, a realización das probas complementarias urxentes e as que se refiren aos doentes hospitalizados que, a criterio do facultativo, sexan necesarias.

6. Garantirase a dispensación de medicamentos e de produtos sanitarios que, a criterio do facultativo, sexan necesarios.

B. Persoal sanitario non facultativo:

1. Cobertura do 100% da actividade urxente nun triple ámbito:

-Servizos de urxencias.

-Quirófanos urxentes (xerais e de tocoloxía) para a atención dos usuarios que requiran intervención cirúrxicas inadiable no ingreso.

-Atención aos paritorios.

2. Na área de hospitalización establecerase o número necesario para garantir os coidados dos doentes hospitalizados, en correspondencia cos efectivos dun domingo ou festivo.

3. No ámbito de consultas estableceranse mínimos nun dobre ámbito:

-Apoio á atención das consultas especializadas consideradas como urxentes ou preferentes.

4. No ámbito dos servizos centrais, garantirase a realización das probas complementarias urxentes e as que se refiran aos doentes hospitalizados que, a criterio do facultativo, sexan necesarios.

5. Garantirase a dispensación de medicamentos e produtos sanitarios.

6. Unidades especiais: o número necesario para garantir o coidado dos pacientes

E. Persoal non sanitario:

1. Urxencias: o 100% do persoal non sanitario.

2. Área de hospitalización: un número de efectivos equivalente ao de domingos ou festivos.

3. Servizo de admisión e arquivo de atención especializada: un número equivalente ao de domingos ou festivos.

4. Cita previa: un número de efectivos que garantan a atención ao doente que o requira, cun mínimo dun efectivo por centro e ata un máximo do 50% dos efectivos en cada quenda.

5. Atención ao doente: un número de efectivos que garantan a atención ao doente que o requira, cun mínimo dun por cento e ata un máximo do 50% dos efectivos en cada quenda.

6. Servizos administrativos:

-Información: o número de profesionais necesarios para garantir a debida información aos pacientes.

-Persoal: o número imprescindible para garantir as incidencias e xestións derivadas da folga e como máximo ata o 40% dos efectivos en cada quenda.

-Subministracións: o número imprescindible para garantir os pedidos urxentes e ata un máximo do 25% dos efectivos en cada quenda.

-Almacén: un número imprescindible para a xestión do almacén e ata un máximo do 25% dos efectivos en cada quenda

-Contabilidade: un número imprescindible para as xestións urxentes e ata un 25% dos efectivos en cada quenda.

7. Outras áreas de traballo ou servizos: establecerase, con carácter xeral, un número equivalente aos domingos ou festivos.

A determinación dos profesionais necesarios farase por categoría profesional e a súa fixación con base nestes criterios debe estar adecuadamente motivada. A xustificación debe constar no expediente interno de determinación de mínimos e debe exteriorizarse adecuadamente para xeral coñecemento dos destinatarios. Deberán quedar constancia no expediente de determinación de mínimos os factores ou criterios cuxa a súa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas.

Os profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberán ser publicados nos taboleiros de anuncios de cada centro, polo menos con 48 horas de antelación á data da folga.

Con tales premisas determínase, por grupos profesionais, o número de efectivos en servizos mínimos.

Artigo 2º

A designación nominal de efectivos que deben cubrir os servizos mínimos será determinada polo director-xerente e notificada aos profesionais designados.

O profesional designado que desexe exercer o seu dereito de folga poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de maneira expresa e autorizada pola dirección.

## Artigo 3º

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos, expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

## Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle reconece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

## Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios.

*Disposición derradeira*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2005.

María José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

## ANEXO

Categoría/servizo	Número de efectivos de servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
<b>Persoal facultativo</b>			
Anestesia	1 presenza	1 g. localizado	1 g. localizado
Cirurxía	1 presenza	1 g. localizado	1 g. localizado
Xinecoloxía	1 presenza	1 g. localizado	1 g. localizado
Obstetricia	1 presenza mércores e xoves		
Hado	1 presenza		
Hematoloxía	1 presenza martes		
Medicina interna	2 presenza	1 g. presenza física	1 g. presenza física
Pediatría	1 presenza	1 g. localizada	1 g. localizada
Radioloxía	1 presenza	1 g. localizada	1 g. localizada
Traumatoloxía	1 presenza 2 presenza martes e xoves	1 g. localizada	1 g. localizada
Urxencias	3 presenza	2 presenza + 1 g. presenza física	1 presenza física
Nefroloxía	1 presenza os mércores	1 presenza os mércores	
Farmacia	1 presenza os mércores		
<b>Persoal sanitario non facultativo</b>			
Díalise	1 aux. mércores e 1 hora os xoves 1 enfer. os mércores	1 aux. 1 enfermeiro	Non mínimos
Saúde mental	1 enf. os xoves	Non mínimos	Non mínimos

Categoría/servizo	Número de efectivos de servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Consultas externas	1 aux. só consulta de curas (martes e xoves) e obstetricia (mércores e xoves) 1 enf. días de Simtron martes	Non mínimos	Non mínimos
Hado	1 enfermeiro	Non mínimos	Non mínimos
Farmacia	1 auxiliar	Non mínimos	Non mínimos
Calidade/Formación	Non mínimos	Non mínimos	Non mínimos
C. Diabetolóxica	Non mínimos	Non mínimos	Non mínimos
Hospitalización A	3 auxiliares 3 enfermeiras	2 auxiliares 2 enfermeiras	1 auxiliar 2 enfermeiras
Hospitalización B	3 auxiliares 3 enfermeiras	2 auxiliares 2 enfermeiras	1 auxiliar 2 enfermeiras
Hospital de día	Só mércores	Non mínimos	Non mínimos
Laboratorio	1 tel	1 tel	1 tel
Raios	1 ter	1 ter	1 ter
Quirofano	3 auxiliares 3 enfermeiras	2 auxiliares + 1 aux. localizado 1 enfermeiro + 2 enf. localizados	2 aux. localizados 2 enfermeiros localizados
Urxencias	3 auxiliares 3 enfermeiros	2 auxiliares 2 enfermeiros	1 auxiliar 2 enfermeiros
Traslados	1 enfermeiro localizado	1 enfermeiro localizado	1 enfermeiro localizado
Fisioterapia	1 fisio os mércores	Non mínimos	Non mínimos
<b>Persoal non sanitario</b>			
Admisión	6	2	Non mínimos
Atención ao doente	1		
Persoal	2		
Subministración	1		
Contabilidade	1		
Dirección	1		
Facturación	1		
Informática	1		

*Orde do 9 de decembro de 2005 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais, durante a folga convocada polas organizacións sindicais, Comisións Obreiras (CC.OO.), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión Xeral de Traballadores (UGT), nas empresas acollidas ao convenio colectivo do sector de establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análises clínicas da provincia da Coruña, que se desenvolverá os días 12 e 19 de decembro de 2005, desde as 7.00 horas ata as 23.00 horas.*

O artigo 28.2º da Constitución española reconece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou pri-